

PRÓLOGO

Editado polo Delegación de Cultura e Deporte do Excmo. Concello de Cee, Achegamento ó libro ten como protagonistas seres reais unhas veces e fantásticos outras; pero sempre únicos. Porque únicos e irrepetibles tamén son as súas autoras e autores. E como pano de fondo espacios ben plurais.

Así é que o lector ou lectora non encontrará neste volume unha voz que lle vaia narrando historias, senón trinta e seis voces que a xeito de notas musicais debuxan o pentagrama das súas primeiras obras.

Nembargantes tódolos traballos recollidos teñen algo moi importante en común: os sonhos, como punto de partida, a maxia inherente da idade dos seus autores e a lingua galega elixida agarimosamente como vehículo de expresión. Esta lingua, bandeira da nosa cultura, que a un tempo nos identifica e nos fai diferentes ó resto dos mortais. A cultura, que é a expresión duna sociedade viva. Por iso Achegamento ó libro é unha romaría da linguaxe, un rechouchío de paxaros, un agromar de primavera, un refacho de aire fresco.

Non podo deixar de manifesta-la miña alegría por te-lo privilexio de prologar esta primeira obra na que teño petadas de amores e ilusións, porque entre os seus autores e autoras hai ex-alumnos, familiares, amigos e tamén o traballo de animación de compañeiros/as docentes moi importante que gracias a estaren aí, loitando na sombra, sacaron á luz a imaxinación dos seus alumnos en produccions escritas. A todos a miña máis sincera noraboa. E noraboa tamén a Xosé Ramón, que como bibliotecario pon medios humanos coas súas ideas e proxectos: convocatoria anual do concurso "Achegamento ó libro" e os suxerentes "En busca de..." (a nosa mascota, o noso marcapáxinas, o noso calendario, a nasa portada, o noso periódico sobre a Fundación Fernando Blanco, o noso mural, o noso cómic) e, pestes últimos dous anos, o Concurso de Teatro. Porque el sabe que a publicidade ben deseñada, axuda tamén peste campo a conseguí-la fin: espalla-la cultura e crear verdadeiros lectores.

Eloxio así mesuro á Delegación de Cultura e Deporte deste Concello de Cee por animar con este volume a nova xeración que amosa un clima de actitudes positivas ante a creación literaria e por crer que a edición de Achegamento ó libro é unha inversión, unha sementeira-coa esperanza dun productivo mañá.

Dicia Gilles Deleuze Se a literatura morre, morrerá asasinada. E eu digovos a vós, autores e autoras de Achegamento ó libro que nin sequera asasinada, porque, as armas que manexades con destreza non disparan nutra cousa que inxenio e tinta sobre o branco do papel que serve de soporte ás vosas historias tan fermosas e ben contadas.

CONCHA BLANCO